

AS PERÍFRASES VERBAIS

As perífrases verbais son formas verbais complexas que presentan unidade formal, significación conxunta e función única. Están compostas por:

VERBO AUXILIAR	[ELEMENTO DE RELACIÓN]	VERBO AUXILIADO
- É un verbo en forma persoal. - Perde o seu significado habitual. - Dá información gramatical (NP, Modo, Tempo).	- É unha preposición ou unha conxunción (<i>a, de, que...</i>). - Non aparece sempre.	- Forma non persoal. - Ten o significado léxico.
<i>Vou</i> <i>Teño</i>	- <i>que</i>	<i>comer</i> <i>comer</i>

Non debemos confundir as perífrases verbais cos complexos verbais:

Perífrase verbal: *A película vai comezar nuns minutos.*

Complexo verbal: *Quero facer ben o traballo.*

PROBAS

- É perífrase cando podemos eliminar o verbo auxiliar sen perder o sentido da oración.

É perífrase	Non é perífrase
<i>Anda criticando a todos = Critica a todos</i>	<i>Anda arrastrando os pés ≠ Arrastra os pés</i>
<i>Levo observado moitos casos así na miña carreira = Observei moitos casos así na miña carreira</i>	<i>Levo descosido o baixo da saia ≠ Descoso o baixo da saia</i>
<i>Lucas vai facer un traballo sobre os bivalvos = Lucas fará un traballo sobre os bivalvos</i>	<i>Lucas quere facer un traballo sobre os bivalvos ≠ Lucas fai un traballo sobre os bivalvos</i>

- É perífrase cando non podemos substituír o verbo auxiliar por sinónimos (porque “perde” o seu significado).

É perífrase	Non é perífrase
<i>Anda criticando a todos - *Desprázase criticando a todos</i>	<i>Anda arrastrando os pés = Desprázase arrastrando os pés</i>
<i>Levo observado moitos casos así na miña carreira - *Porto observado moitos casos así na miña carreira</i>	<i>Levo descosido o baixo da saia = Porto descosido o baixo da saia</i>
<i>Veño observando unha actitude estraña en vós - *Desprázome observando unha actitude estraña en vós</i>	<i>Xan vén cantando unha canción alegremente = Xan desprázase cantando unha canción alegremente</i>
<i>Lucas vai facer un traballo sobre os bivalvos - *Lucas trasládase a facer un traballo sobre os bivalvos</i>	<i>Lucas quere facer un traballo sobre os bivalvos = Lucas desexa facer un traballo sobre os bivalvos</i>

- Non é perífrase cando o verbo auxiliado pode ser substituído por un pronome átono ou un demostrativo.

É perífrase	Non é perífrase
<i>Debo facer máis exercicio físico - *Déboo /Debo iso</i>	<i>Quero facer máis exercicio físico – Queroo /Quero iso</i>

- Non é perífrase se non supera a “proba da pregunta”. Se non é posible preguntarlle “que” ao infinitivo ou “como” ao xerundio, estarei ante unha perífrase; do contrario, será un complexo verbal.

É perífrase	Non é perífrase
<i>Lucas vai facer un traballo sobre os bivalvos.</i> <i>*Que vai Lucas?</i>	<i>Lucas quere facer un traballo sobre os bivalvos.</i> <i>Que quere Lucas? Facer un traballo sobre os bivalvos.</i>
<i>Anda criticando a todos.</i> <i>*Como anda?</i>	<i>Anda arrastrando os pés.</i> <i>Como anda? Arrastrando os pés.</i>

CLASIFICACIÓN

Temos **3 tipos de perífrases** segundo o seu significado:

Temporais	Aspectuais	Modais
Indican futuridade /inminencia.	Céntranse no desenvolvemento da acción (comezou, rematou, repítese...).	Indica a actitude do falante respecto ao dito (obriga, hipótese, dúbida).

Ademais destas, non debemos esquecer as **perífrase pasiva**, formada polo verbo ser mais o participio do verbo auxiliado.

A ponte foi construída no século XIV.

Os boletíns de notas serán publicados o día 27 pola noite.